



BOP

MÉRCORES, 30 DE NOVEMBRO DE 2022 N.º 274

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL A BAIUCA, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA

Termo municipal: PALAS DE REI

Clave: LU/16/075.10.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 20 de decembro de 2022

Lugo, 23 de novembro de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1794

Término municipal de:	PALAS DE REI
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
209; 205; 204	LOPEZ LOPEZ ADRIAN 33561201S, LOPEZ LOPEZ MARTIN 34283186F, LOPEZ MENDEZ MARIA PAZ 76576261-S	AVDA. OURENSE, 80 - 3º DER. 27200 PALAS DE REI (LUGO)
208; 200; 199	MVMC DE FERREIRA EXP 85/76 V27354653	RÚA CARACACHO, 4 - 1º B - 27206 MONTERROSO (LUGO)
203	PAREDES BURGOS JESUS 33844902-B	CASTRELO, 2 - FERREIRA . 27200 PALAS DE REI (LUGO)
210	SANCHEZ QUIROGA HERMINIA 76534388-W	AVDA. DA CORUÑA, 172 - ESC. 1 - 2º A - 27003 LUGO

198; 197	SANCHEZ QUIROGA JOSE ANTONIO 33830228-B	PONTE FERREIRA, 2 - 27200 PALAS DE REI (LUGO)
212; 211; 207; 206; 201	VIDAL VIDAL JOSE 33789726-N, VIDAL VIDAL JESUS MANUEL 33855854-S	ESTACA DE BARES, 20 - 2º - 27004 LUGO

R. 3418

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DO CORREDOR NADELA - SARRIA. TREITO: A POBRA DE SAN XIAO - SARRIA CENTRO PQ 13+500 -21+0

Termo municipal: SARRIA

Clave: LU/17/005.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 20 de decembro de 2022

Lugo, 23 de novembro de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3101

Término municipal de:	SARRIA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-17-005-01

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
19A	LOPEZ SINDIN ARTURO RAMON	SAN SALVADOR DE PENA Nº 1 - 27637 SARRIA (LUGO)

R. 3419

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**RECAUDACIÓN***Anuncio*

Aprobouse inicialmente polo Pleno da Excma. Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o 29.11.202, o Proxecto de Orzamento da Deputación Provincial para o ano 2023, e a documentación que o acompaña.

Exponse ao público na Secretaría desta Deputación, por espazo de 15 días hábiles, en cumprimento do disposto no artigo 112.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante os cales admitiránse reclamacións aos mesmos.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no art. 169.1 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, vinte e nove de novembro de dous mil vinte e dous.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO XERAL**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3503

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2022-1031 de 24/11/2022 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura como funcionario/a interino/a dunha praza de Técnico de Xestión, servizo Medioambiente:

BASES DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN, SERVIZO DE MEDIOAMBIENTE, EN RÉXIME DE INTERINIDADE.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a cobertura como funcionario interino dunha praza de Técnico de xestión incluída na Relación de postos de traballo (RPT) deste Concello, código 8.3.1.0. Área Promoción Económica; Servizo: Medioambiente. Unidade: Medioambiente (art. 10.1.a) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

Características da praza:

Grupo: A; subgrupo: A2 ; escala: Administración Xeral ; subescala: de xestión; Nivel de complemento de destino: 25; código de identificación na RPT: 4001.

As bases íntegras estarán a disposición dos/das interesados no Rexistro Xeral do Concello e publicaranse na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

Funcións que ten encomendadas son as seguintes:

FUNCÍONS XERAIS:

- As funcións deste corpo: xestión, inspección, control, así como aplicación normativa, proposta de resolución de expedientes, estudos e informes-proposta que non corresponden ao nivel superior.
- Realizar tarefas administrativas de trámite e colaboración.
- Realización dos informes sobre os temas de su competencia
- Cooperar coa súa xefatura inmediata na supervisión e coordinación de traballos desempeñados por persoal relacionado funcionalmente.
- Tramitar expedientes e procesos administrativos, formulación de dilixencias, actas, providencias, comparecencias e oficios de mero trámite, formulación de requirimentos, citacións, notificacións e comunicacións; e extensión das oportunas dilixencias e actos administrativos de análoga natureza.
- Controlar os expedientes e procesos.
- Rexistro, tramitación e control de prazos das solicitudes formuladas polo concello.
- Publicación de anuncios e edictos do Concello no D.O.G.A e no B.O.P
- Creación e modificación de ordenanzas municipais
- Arquivo de expedientes
- Realización de bandos.
- Atención e información ao público en materias da súa área.
- Preparación y remisión aos Xulgados de expedientes administrativos relacionados coa súa área
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

FUNCIÓNS ESPECÍFICAS: (AREA URBANISMO E MEDIO AMBIENTE)**Instrución e xestión de expedientes medio ambientais**

- Tramitar expedientes de comunicación previa inicio de actividades, de acordo co disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Tramitar de expedientes de comunicación previa cambio titularidade de actividades, de acordo co disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Tramitar expedientes de comunicación previa cambio ou modificación de actividades, de acordo co disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Tramitar expedientes de licenza de apertura de acordo co disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Tramitar expedientes de limpeza de fincas e montes, de acordo co disposto na normativa vixente.
- Tramitar de expedientes de residuos, de acordo co disposto na normativa vixente.
- Tramitar expedientes sancionadores no ámbito das súas competencias.
- Localización de vertedeiros incontrolados
- Desenvolvemento dos plans e programas medioambientais promovidos polo Concello ou aos que estea adherido
- Tramitación de permisos para as celebracións populares
- Xestión da aula da natureza, elaboración de informes e propostas de resolución
- A adopción das oportunas medidas preventivas e a sanción das infraccións tipificadas na normativa municipal vixente.
- Xestións administrativas no abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- Xestións administrativas de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, mediante xestións co Ministerio de Medio Ambiente (Costas), Xunta de Galicia (Conservación da natureza, Augas de Galicia, Calidade e Avaliación Ambiental,...) Deputación Provincial de Lugo e demais axentes implicados.
- Xestión de praias mediante:
 - Mantemento do sistema de xestión de calidade e ambiental. Q de calidade, 14.001 e EMAS.
 - Mantemento do galardón de bandeira azul.
 - Xestións de persoal nas praias (socorrismo e limpeza).
 - Xestións con outras administracións, empresas e usuarios.
 - Xestión dos paneis informativos en praias.
 - Mellora do saneamento en praias.
- Mantemento do Sistema de Xestión Ambiental implantado no Concello de Burela baixo a norma ISO 14001 e o Regulamento EMAS.
- Control de cumprimento da lexislación ambiental.
- Sensibilización e formación dos traballadores.
- Control de consumos e xestión de residuos.
- Mellora continua do comportamento ambiental do Concello.
- Xestión de residuos sólidos urbanos, mediante xestións con administracións, xestores de residuos, veciños e demais axentes implicados.
- Limpeza viaria, mediante mellora do plan de limpeza viaria (delimitación de zonas eficientemente, reparto de persoal, horarios, medios.....)
- Protección contra a contaminación acústica, luminosa e atmosférica nas zonas urbanas, mediante tramitación dos expediente de contaminación acústica, garantindo o control do cumprimento legal.
- Protección da salubridade pública, mediante cumprimento da Ordenanza de Protección Medio Ambiental do Concello de Burela.

Instrución e xestión de expedientes urbanísticos:

- Tramitar expedientes de licenzas de obras e comunicacións previas de obra.
- Tramitar expedientes de legalidade e infracción urbanística.

- Tramitar expedientes de vaos (recibir as solicitudes, informe- proposta e notificalo)
- Tramitar expedientes de conservación de inmobles e de ruína
- Tramitar expedientes sancionadores no ámbito das súas competencias

As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza convocada.

2.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidas á realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación académica de grao, diplomado universitario ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

De selo caso, sinalarase a disposición legal que recoñeza a equivalencia ou acompañarase certificado expedido polo Organismo competente que a acredite .

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Así mesmo o Tribunal ten a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aquela persoa aspirante que leve a cabo calquera actuación de tipo fraudulento na realización dos exercicios que integran o proceso.

3.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

3.1. Forma de presentación. As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). Non obstante, de cara a axilización do proceso, as persoas aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

3.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de **10 días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

3.3. Forma de cumprimentar. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polas persoas aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

4.-DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.

b) Fotocopia do título académico esixido ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da titulación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

c) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.

Nos supostos de presentación por vía electrónica substitúese a esixencia de presentación de fotocopia pola de presentación de copia dixitalizada.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1. Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas (neste suposto con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de persoas admitidas non suporá que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas admitidas decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

5.2. Prazo de alegacións. Concederáse un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por correo electrónico (controldexestion@burela.org) dentro do prazo de 2 días hábiles sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento da persoa interesada, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

5.3. Listaxe definitiva. As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

6.1.- Composición do Tribunal. O Tribunal de selección acomodaráse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria

realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

6.2.- Incorporación de asesores e persoal de colaboración.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas nas que consideren conveniente oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores en tarefas de apoio no desenvolvemento do sistema selectivo.

No suposto de incorporarse asesores, estes só terán voz.

6.3.- Abstención e recusación. Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Alcalde, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación.

Esta resolución farase pública nos mesmos lugares que a anterior.

6.4.- Actuación do Tribunal. O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

Se en calquera momento do proceso selectivo chagara a coñecemento do Tribunal que algúnha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, logo da audiencia do/a interesado/a, o Tribunal deberá propor ao Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

7. - SISTEMA DE SELECCIÓN: OPOSICIÓN.

Constará das seguintes probas:

7.1.- Proba teórica de coñecementos xerais e específicos: Obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 150 minutos, un cuestionario tipo test de 100 preguntas, con catro respostas alternativas, sendo só una delas correcta. Tamén haberá que responder 10 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunhas das 100 preguntas do cuestionario tipo test. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Os aspirantes que non alcancen dita puntuación serán eliminados.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgase 0,100 puntos.

- Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,033 puntos.
- As respostas en branco ou nulas non puntúan.

7.2.- Suposto práctico

De carácter eliminatorio e obrigatorio consistirá na realización por escrito dun ou varios supostos prácticos determinados polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización de entre as materias/funcións obxecto da praza que se convoca. Tempo máximo para a realización desta proba será de 150 minutos.

Durante o desenvolvemento do exercicio os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, quedando excluídos os manuais, compendios de xurisprudencia e libros de doutrina especializada.

O Tribunal poderá determinar si este exercicio debe ser lido polos aspirantes.

Este exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non a obteñan. O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima.

7.3.- Proba de galego.

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

8.- CALENDARIO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

8.1. Calendario para a realización das probas e chamamentos.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da primeira proba da oposición publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización do resto das probas non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas.

Os resultados das probas publicarase así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores, máquinas calculadoras, ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

8.2. Identificación.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistas do DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir provistas de dito documento non poderán participar na proba selectiva, quedando decaídas de tódolos seus dereitos e excluídas do proceso selectivo.

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

8.3 Anonimato.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que as probas do proceso selectivo sexan corrixidas sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

A estes efectos empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control que será o que utilice a persoa aspirante para participar nas probas.

Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre lacrado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

O Tribunal, poderá decidir si se utiliza a mesma tarxeta para todo o proceso selectivo ou unha diferente para cada proba.

8.4. Orde de actuación.

Cando sexa necesario, realizarase polo número que figure na tarxeta identificadora para realizar a proba, sempre de menor a maior.

9.- CUALIFICACIÓN FINAL E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas probas da oposición, sempre que se teña alcanzada a puntuación mínima necesaria para considerala superada, establecendo para estes efectos a orde definitiva de persoas aspirantes seleccionadas.

No suposto de empate nas puntuacións de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase acudindo á puntuación obtida nas probas da oposición pola orde na que se realizaron. Se persiste o empate procederase a realizar un sorteo público.

O/a Presidente/a do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de nomeamento ante o Sr. Alcalde-Presidente, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da proposta de selección no taboleiro de Edictos (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar ningún documento por causas alleas á súa vontade), o/a aspirante proposto/a polo Tribunal deberá presentar no Rexistro do Concello a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 2ª:

- Apartado d) mediante Certificado Médico.
- Apartado e) con declaración xurada.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

Se dentro do prazo indicado, salvo causa de forza maior, o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 2, non poderá ser nomeado funcionario/a interino e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incurrir.

10.- NOMEAMENTO E CESAMENTO

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo efectuando o nomeamento como funcionario/a interino/a do candidato/a proposto/a, formalizándose a toma de posesión.

Ata que non se formalice a mesma, a persoa aspirante proposta non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

O cesamento do persoal funcionario interino, en virtude do disposto no artigo 24.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, producirase ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias nese artigo relacionadas.

Consonte ao previsto no apartado 4 do artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), ao tratarse dunha praza vacante a cubrir de xeito interino, deberá ser obxecto de cobertura mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa; transcorridos tres anos desde o nomeamento como funcionario interino, producirase o fin da relación de interinidad e a vacante só poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira, salvo que o correspondente proceso selectivo quede deserto, en cuxo caso poderase efectuar outro nomeamento de persoal funcionario interino. Excepcionalmente, o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente sempre que se tivese publicada a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar desde a data do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta consonte aos prazos establecidos no artigo 70 do EBEP. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria, sen que o seu cesamento dea lugar a compensación económica.

11.- ELABORACIÓN DUNHA lista DE RESERVA.

Co fin de asegurar a cobertura da praza convocada no caso de que se produzan renuncias da persoa aspirante seleccionada, con anterioridade ou posterioridade ao nomeamento ou á toma de posesión, o órgano de selección elaborará unha proposta complementaria (listaxe de reserva) na que figurarán as persoas aspirantes por orde de puntuación acadada e sempre que tiveran superado o proceso selectivo.

12.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

13.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

14.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO I Temario

TEMAS XERAIS

- 1.-A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional: composición e funcións. A reforma da Constitución. O Goberno e a Administración.
- 2.- Estatuto de Autonomía de Galicia. Do poder galego. Das competencias de Galicia. Da Administración Pública Galega. Da economía e a facenda. Da reforma
- 3.- O ordenamento xurídico-administrativo (I): A Constitución. As Leis estatais e autonómicas. Tipos de disposicións legais. Os Tratados Internacionais.
- 4.- O ordenamento xurídico-administrativo (II). O regulamento: Concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedemento de elaboración. Límites. O control da potestade regulamentaria.
- 5.- O administrado versus cidadán: Concepto e clases. A capacidade dos cidadáns e as súas causas modificativas. O Estatuto do cidadán: Dereitos subxectivos e intereses lexítimos, diferenzas entre ambos os conceptos e obrigacións.
- 6.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: A motivación e forma.
- 7.-A eficacia dos actos administrativos: O principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: Contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia.
- 8.-A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: Supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
- 9.-Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. A iniciación do procedemento: Clases, subsanación e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: Cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: Intervención dos interesados, proba e informes.
- 10.-Terminación do procedemento. A obrigación de resolver. Contido da resolución expresa: Principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo. O desistimento e a renuncia. A caducidade.
- 11.-Recursos administrativos: Principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.
- 12.-A potestade sancionadora: Concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e as súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.
- 13.- Os contratos do sector público: Obxecto e ámbito da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do Sector Público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito privado; os actos separables. As partes nos contratos do sector público. Os órganos de contratación. A capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións de contratar. Clasificación.
- 14.-Preparación dos contratos polas Administracións Públicas. O orzamento base de licitación, o valor estimado e o prezo dos contratos. Garantías na contratación do sector público. Clases de expedientes de contratación. Procedementos e formas de adxudicación dos contratos. Criterios de adxudicación. Perfeccionamento e formalización dos contratos administrativos.
- 15.- A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.

16.- A responsabilidade da Administración pública: Carácteres. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade: Procedemento xeral e procedemento abreviado. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

17.- O Municipio: Concepto e elementos. O termo municipal: O problema da planta municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica. A poboación municipal. O Padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros.

18.- A organización municipal. Órganos necesarios: Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos e os concelleiros non adscritos. A participación veciñal na xestión municipal. O concello aberto. Outros réximes especiais. Especialidades do réxime orgánico-funcional nos municipios de gran poboación.

19.- As competencias municipais: Sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sustentabilidade financeira da facenda local como presuposto do exercicio das competencias. Os convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais. Os servizos mínimos.

20.- As formas de acción administrativa das entidades locais. A actividade de policía: A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: As súas clases. O réxime das licenzas. A comunicación previa e a declaración responsable.

21.-O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniais. Utilización: reserva e concesión. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.

22.- Os tributos locais: Principios. A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria: Contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

23.- O Orzamento Xeral das Entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: Especial referencia ás Bases de execución do Orzamento. A prórroga do Orzamento. A execución e liquidación do Orzamento.

24.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: Clases e réxime xurídico. A función pública local: Clases de funcionarios locais. O acceso aos empregos locais: Principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: Sistemas de provisión. As situacións administrativas dos funcionarios locais.

TEMAS ESPECÍFICOS

25.- O Medio Ambiente na Unión Europea. Tratados Internacionais en materia de Medio Ambiente.

26.- Enerxía e cambio climático. Fontes de emisión de gases de efecto invernadoiro. Principais medidas de mitigación. Impactos do cambio climático. O papel das enerxías renovables e a eficiencia enerxética. Estratexias locais de cambio climático.

27.- Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía sostible 2030. Obxectivos e desenvolvemento. Plans de acción e propostas. Aplicación a administración local.

28.- Proxectos de comunicación e concienciación cidadá. Marcos de acción.

29.- Desenvolvemento Sostible: concepto. Antecedentes. Sustentabilidade urbana. Especial consideración en materia de mobilidade: Medidas de Actuación.

30.- A Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, e Ordenanza sobre Regulación Integrada de Actividades Económicas, Apertura de Establecementos e Desenvolvemento de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas no Concello de Burela. Lei 10/2017, do 27 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia. Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

31.- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas. Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Decreto 141/2012, de 21 de xuño, por el que se aproba o Regulamento marco del Servizo Público de Saneamento y Depuración de Aguas Residuais de Galicia. Competencias dos Entes Locais.

32.- Lei 6/2021 do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia. Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. Ordenanza municipal de limpeza do concello de Burela. Competencias dos Entes Locais.

33.- Lei 22/1988, 28 xullo, de Costas. Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

34.- Ordenanza municipal reguladora de uso de praias do concello de Burela BOP nº 280 de 05/12/15. Regulamento do Comité de Xestión de Praias do Concello de Burela BOP n.º 161 de 15/07/09.

- 35.- Bandeira Azul. Sistemas de xestión ambiental: A norma ISO 14001 e regulamento EMAS. Certificacións ambientais. Auditorías ambientais.
- 36.- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído. Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia. Ordenanza municipal de protección do medio ambiente en materia de ruídos e vibracións do concello de Burela. Competencias dos Entes Locais.
- 37.- Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.
- 38.- Lexislación sobre protección e tenza da animais de compañía e de animais potencialmente perigosos en Galicia.
- 39.- Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Competencias dos Entes Locais.
- 40.- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 41.- O dereito á información ambiental. Participación cidadá na toma de decisións.
- 42.- Educación Ambiental: Concepto. Antecedentes.
- Burela, 24 de novembro de 2022.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 3439

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE OUTUBRO DE 2022

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 11 de NOVIEMBRE de 2022, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de OUTUBRO de 2022, por un importe total de 6.265,31 Euros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 22 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3420

LUGO

Anuncio

